# INVESTIGA CON MIK HOLMES Sobre...

# O Apalpador

BIBLIOTECA



Mestres Goldar

1º ciclo

Queridas nenas e nenos:

Xa está cerca o Nadal e en todos os coles estanse preparando para esta celebración. E, claro!, eu tamén quero participar. Primeiro necesito que me expliquedes ben algunhas cousas que escoito e que desconezo (porque eu antes vivía no país dos ratos e alí todo é diferente). Veredes, o caso é que todo o mundo anda a falar dun tal APALPADOR e eu non teño nin idea de quen é. Por iso necesito que me respondades a algunhas preguntas. Queredes axudarme? Xenial!!

Pois, hala!, poñede o traxe de *Sherlock*, collede a lupa e preparádevos que imos comezar.




**Para empezar colorea este letreiro:**

# O Apalpador



As nenas e nenos de primeiro ciclo de primaria teredes que investigar sobre un personaxe típico das festas do Nadal



# O Apalpador

Onde podes atopar información? Terás que descubrilo completando esta palabra coas vogais que lle faltan. Despois colorea as letras.

B_BL_ _T_C_

Quen che pode axudar? Pois moita xente: Mik, a túa profe, a túa familia...



Podes facer un grupo de investiga-
ción con outros compañeiros/as
(non máis de tres).



Empeza as túas pescudas buscando no rincón da biblioteca no que hai algunhas follas de información e tres libros sobre o Apalpador. Fíxate ben na CAPA e na CONTRACAPA porque teñen moita información (que que será iso de capa e contracapa?. Pois quen non pregunta non aprende, así que, a preguntar!!!)







De que outro xeito podemos referirnos a estas partes dos libros?



Se completades este texto saberemos quen é este personaxe. Consulta os libros que están na biblioteca.



Pois eu son o famoso Apalpador, pero tamén me chaman ____________ e vivo nas terras de ____________ Traballo de ____________ pero polo Nadal baixo ás casas e apálpolle a ____________ ás nenas e aos nenos para ver se comeron ben, e como non quero que pasen fame, deíxolles unha presa de ____________ e ás veces outros agasallos.



Estaría moito máis guapo se me coloreades...

No calendario do cole deste ano, aparecen outros personaxes amigos meus como ___________ e _________________.





Resolvede o seguinte encrucillado.
Escribide as respostas con letras maiúsculas.






1. Nome do personaxe principal deste traballo
2. Froitos que lle deixa este personaxe ás nenas e aos nenos.
3. O personaxe da nosa historia baixa ás casas polo ............
4. Estación do ano na que se fai o magosto
5. O contrario de cedo
6. Estación do ano na que se celebra o Nadal



# AGORA TERÁS QUE INVESTIGAR NA BIBLIOTECA...



Na Biblioteca tamén temos ordenadores, películas, CDs de música... Agora a ver se encontrades un CD e DVD que se titula O Quiquiriquí. Despois podedes escoitalo e velo, pero agora buscade en OUTRAS TRADICIÓNS DO NADAL e completade o texto.

Os _______________ de castañas eran un _______________ común, especialmente para os ___________ que se poñían a ____________ de ___________.



# NA BIBLIOTECA...

Agora fíxate nos libros sobre O Apalpador



Copia as etiquetas









# NA BIBLIOTECA...



Fíxate nesta
PORTADA e
completa:




Título:................................................................................

Autor/a: ..........................................................................

Ilustrador/a: ....................................................................

Editorial: .........................................................................



# OS LUGARES...







| | |
|---|---|
| A CORUÑA | LUGO |
| OURENSE | PONTEVEDRA |

Neste mapa de Galicia leva os nomes das provincias ao lugar que lle corresponde e dálle cor á zona onde vive o Apalpador.

http://www.eiragalega.com/imagenes/provincias.gif



# SOBRE OS LUGARES...



O lugar onde vive o Apalpador é unha das zonas de Galicia que mellor conserva a nosa flora e fauna.
Debuxa catro animais propios dese lugar e ponlles o seu nome.



E agora  catro vexetais que viven nesta zona. Pide axuda para buscar en Internet o que necesitas saber.
Consulta en

http://www.apalpador.com/laminasfauna1





| | |
|---|---|
| | |
| | |



## SOBRE CANTIGAS...



Busca nos libros que hai na biblioteca
ou na páxina
http://www.apalpador.com/
cantigas sobre o Apalpador.

Despois escribe aquí as cantigas que atopes:





# SOBRE CANTIGAS...








Fíxate na indumentaria do noso amigo. Consulta nos libros da biblioteca ou en

**http://www.apalpador.com/apalpador.pdf**

Despois pon os nomes e explica para que os usa:















# PARA REMATAR...




Completade e continuade esta historia. O título podedes poñerllo ao final.

______________________________

Había unha vez unha castaña que naceu nun ................................ . Estaba metida nun ......................... con moitos pinchos que de pronto un día abriu e, PLASS!!!, a nosa amiga caeu ao................................ e ..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................

..........................................................................................




Está quedando
moi bonito...





Xa remataches. Agora só queda que deixes ben guapo ao noso Apalpador para que este Nadal veña visitar a todos os nenos e nenas de Galicia







## RECURSOS: aquí atoparás moita información.

www.apalpador.com,

**En Vieiros da escola:**
**http://www.vieiros.com/vieiros-da-escola/index.php?id=8**

**Cantigas:**
http://www.apalpador.com/node/1
**Consulta tamén nos contos do Apalpador que hai na biblio-teca.**

Material para a recuperación da figura do Apalpador
http://galiza.indymedia.org/media/2009/12/21757.pdf
**http://tinyurl.com/38hmqcb**

Noite do apalpadoiro: O Apalpador e O Pandigueiro
http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=0&id=1171
**http://tinyurl.com/3a4kggu**

**Na Wikipedia: http://gl.wikipedia.org/wiki/Apalpador**

**Leandro Lamas:** ilustracións do Apalpador
**http://tinyurl.com/35crrts**

MOITAS

GRAZAS,

AMIG@S!!



¿Queres xogar co Apalpador? Pois corta pola línea para ter o teu puzzle e divertirte con el este Nadal (podes pegalo nunha cartolina para facelo máis resistente).







Aquí tes outro puzzle para que escollas o que che guste máis.

A XOGAR!







E PARA NON PERDERSE, AQUÍ ESTÁN OS MODELOS.









NOME DO EQUIPO INVESTIGADOR:

COMPOÑENTES (nome e curso):

# Caderno de traballo para a Educación Documental

# BIBLIOTECA

## Ceip Mestres Goldar–Vigo